

10 de Maio de 2008

Benquerido Suso:

Cometín o erro de contratar unha apoderada legal que é un verdadeiro desastre (ela faise chamar "Delegada Cúmulo-Nímbica" non-sei-qué, ribombante). A Carolina é boa persoa, pero extralímítase. Pero como ten contrato blindado (aquí todo funciona así, para unha eternidade), non che hai nada que facer. Ela pensa que preocuparse pola imaxe dalguén é escribir unhas cartas agresivas de manda truco. Como se todo se resolvese con pleitos! É que acaba de mostrarme, toda orgullosa, a impresentábel carta que vos mandou.

Bon, xa me comentou o meu fillo Celso por iméil (aquí escríbese así, "iméil") que non podía ir estar convosco no Día da Toalla Reintegrata. De verdade que non pode. É que lle están a dar bastante a lata últimamente pola miña culpa. Pero unha cousa é o Día das Letras, que me concederon uns meus amigos e amigas e agradezo, e outra a vosa festa da Toalla. Non teñen nada que ver. As toallas de algodón secan, as letras de bronce pinchan. Mira que fun eu veces a Valença a comprar toallas! En troques, bronce tíñache pouco eu. En fin, a cousa non é para que Carolina se poña así, nin ninguén se ten que ofender por nada. Ao revés: xa vin na interné os vosos vídeos do ano pasado, e a verdade é que animan bastante este aburrimto.

Para que entendas o que digo, pedinlle ao Celso que me axudase a meter aquí esta foto antiga miña, que el se manexa mellor:



Na foto sempre me vin un pouco amouchado, e nunca souben por qué. Era unha fantástica mañán dun domingo de agosto en Coruxo nos anos 1950. A miña familia medraba, os meus fillos e fillas brincaban por aí, eu tiña traballo, acababa de publicar un libro, agardábame un xantar de peixe fresco da ría, pementos de Padrón, viño branco, un café e un coñá baratiño, un cigarro ou moitos, unha longa conversa de sobremesa... Todo (ou case todo) era perfecto. Por que tería eu entón esa cara un pouco triste?

Agora me decato, grazas a vós, que o meu problema era que me faltaba unha toalla.

Fariame ilusión se puxésedes esta foto na interné. E a carta da Carolina tamén, para que se inteire. Non lle fagades nin caso co asunto do pleito, que non anda o país para iso.

Unha aperta,

Xosé María Álvarez
Bouza